



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Traballo de fin de Grao	Código	652G04046	
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	10
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos	1. Para matricularse no Traballo de Fin de Grao é necesario ter superados 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do Plan de Estudos (todas as materias de 1º e 2º curso). 2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo			
Departamento				
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Correo electrónico			
Web				
Descrición xeral	<p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 10 créditos, o que se corresponde con 250 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e integrar os fundamentos biolóxicos da Logopedia: a Anatomía e Fisioloxía.
A2	Coñecer e integrar os fundamentos psicolóxicos da Logopedia: o desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicolóxico, a Neuropsicoloxía da linguaxe, os procesos básicos e a Psicolingüística.
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
A4	Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.
A5	Coñecer e integrar os fundamentos metodolóxicos para a investigación en Logopedia.
A6	Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais.



A7	Coñecer, recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.
A10	Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
A12	Realizar unha avaliación tras a intervención.
A13	Coñecer os principios xerais de la intervención logopédica.
A14	Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.
A15	Coñecer e aplicar os modelos e as técnicas de intervención.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A17	Coñecer e realizar a intervención logopédica nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A18	Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temperá.
A19	Coñecer e implementar os Sistemas de Comunicación Aumentativa.
A20	Coñecer e implementar as axudas técnicas á comunicación.
A21	Saber deseñar e elaborar informes logopédicos.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A23	Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.
A24	Coñecer o concepto de Logopedia, obxecto e método; A profesión de logopeda; A Historia da Logopedia; A deontoloxía e a lexislación relevante para o exercicio profesional.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A27	Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
A31	Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.



B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B5	Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.
B6	Capacidade de adaptarse aos cambios.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B10	Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B17	Saber expresarse en público.
B18	Ser creativo no exercicio da profesión.
B19	Ter compromiso ético.
B20	Ter iniciativa e espírito emprendedor.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
---	----------------------------



Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.

A1	B1	C1
A2	B2	C2
A3	B3	C3
A4	B4	C4
A5	B5	C5
A6	B6	C6
A7	B7	C7
A8	B8	C8
A9	B9	
A10	B10	
A11	B11	
A12	B12	
A13	B13	
A14	B14	
A15	B15	
A16	B16	
A17	B17	
A18	B18	
A19	B19	
A20	B20	
A21	B21	
A22	B22	
A23	B23	
A24	B24	
A25		
A26		
A27		
A28		
A29		
A30		
A31		
A32		



Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia

A1	B1	C1
A2	B2	C2
A3	B3	C3
A4	B4	C4
A5	B5	C5
A6	B6	C6
A7	B7	C7
A8	B8	C8
A9	B9	
A10	B10	
A11	B11	
A12	B12	
A13	B13	
A14	B14	
A15	B15	
A16	B16	
A17	B17	
A18	B18	
A19	B19	
A20	B20	
A21	B21	
A22	B22	
A23	B23	
A24	B24	
A25		
A26		
A27		
A28		
A29		
A30		
A31		
A32		

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Procedemento para a elección de temas: 1. Ata o 30 de setembro: proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores. 2. Ata o 30 de outubro: a comisión de titulación aprobará e fará pública unha listaxe cos temas, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación. 3. Os períodos de solicitude de temas por parte do estudantado, por orde de preferêncía dun número mínimo de tres temas ou liñas son: - Antes do 30 de novembro (para alumnado matriculado no período ordinario de matrícula). - Antes do 30 de marzo (para alumnado matriculado no período de ampliación de matrícula). - Antes do 15 de outubro (para alumnado que só teña pendente o TFG e queira examinarse nas oportunidades de xaneiro e/ou xuño). 4. Listaxe provisoria. 5. Período de reclamación. 6. Listaxe definitiva.</p>	<p>O alumnado terá que seleccionar. cando menos, tres temáticas por orden de preferencia mediante o impreso dispoñible a tal efecto, dentro dos prazos que se notificarán en tempo.</p> <p>No caso de haber máis solicitudes que prazos o criterio de asignación será o expediente académico dos tres primeiros cursos.</p>
---	---

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	0	210	210
Presentación oral	1	9	10
Atención personalizada	30	0	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>O alumnado realizara o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p> <p>As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">A. Traballos experimentais ou non experimentais de ámbito científico relacionados con calquera das temáticas propias da titulación de Grao.B. Traballos de revisión e investigación bibliográfica centrados en algún dos diferentes campos da titulación de Grao.C. Traballos de revisión, protocolos e obxectos de funcionamento vinculados a algún dos diferentes campos da titulación de Grao.D. Traballos de intervención (aplicación práctica) relacionados coa titulación de Grao.E. Traballos experimentais ou non, como resultado da experiencia en prácticas externas, en outras institucións relacionadas coa titulación de Grao.F. Exposición e presentación de modelos de utilidade patentados ou non, deseñados polo alumno/a e con relación cos contidos da titulación de Grao.



Presentación oral	<p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFG e un en formato dixital, así coma o impreso de solicitude de avaliación.</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p>
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliación continua a través do seguimento do alumno/a por parte da súa dirección académica.	50
Presentación oral	Avaliación global emitida polo tribunal sobre o proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias reflexadas tanto no traballo tutelado, como a través da exposición e defensa do mesmo.	50

Observacións avaliación



Para superar o Traballo de Fin de Grao será necesario superar os dous elementos da avaliación: traballos tutelados e presentación oral.

A superación da parte da avaliación correspondente ao traballo tutelado é condición indispensable para poder presentar e defender oralmente o mesmo.

Enténdese que a parte de traballo tutelado está superada, e este pode ser presentado e defendido ante un tribunal cando se conta co informe favorable da dirección académica do mesmo, que debe incluír unha cualificación numérica mínima de 5 (nunha escala do 1 ao 10).

A superación da parte da presentación oral implica que o tribunal emita unha cualificación numérica mínima de 5 (nunha escala do 1 ao 10).

A cualificación final será a media entre a cualificación emitida pola dirección académica do traballo e a emitida polo tribunal.

No caso de non contar co informe favorable da dirección académica do traballo, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do traballo, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO

No caso de non superar a parte da presentación e defensa oral do traballo, a cualificación recibida será a emitida polo tribunal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo a Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao a cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/20037 de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable
- d) 9,0-10 sobresaliente

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías